




INFORMACIÓN SOBRE O PROCESO DE ADMISIÓN DE ALUMNADO PARA O CURSO 2025/2026

NORMATIVA REGULADORA

- **Decreto 13/2022, do 3 de febreiro**, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- **Orde do 21 de outubro de 2022** pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (códigos de procedemento ED550A, ED550B e ED550C).
- **Orde do 26 de maio de 2023** pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa e derroga o artigo 44 da Orde do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (códigos de procedemento ED550A, ED550B e ED550C).

INFORMACIÓN NA WEB DO CENTRO

<https://www.edu.xunta.gal/centros/crarainaaragonta/>





PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Do 1 ao 20 de marzo, ambos incluídos.

- Os impresos de solicitude (ED550B) serán facilitados gratuitamente na secretaría do centro e tamén estarán dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia, na aplicación “admisionalumnado” (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>) e na páxina web do centro.
- A **presentación das solicitudes deberá facerse na secretaría do centro** (rúa Rosalía de Castro, 9) ou ben na aplicación “admisión alumnado”. Considerando as características do centro (con aulas en Esfarrapada e nas diferentes parroquias, aconsellamos presentar os formularios na secretaría do centro.
- O horario de secretaría para a entrega da documentación é o que segue:
 - **Luns: de 9:30 a 11:00 horas.**
 - **Martes: de 9:30 a 10:45 horas e de 16:00 a 17:00 horas.**
 - **Mércores: de 12:30 a 14:00 horas.**
 - **Xoves: de 9:30 a 10:30 horas.**
 - **Venres: de 12:30 a 14:00 horas.**



INFORMACIÓN IMPORTANTE A TER EN CONTA

- Todo o alumnado poderá presentar solicitude de admisión pedindo ata 6 aulas do mesmo centro ou diferentes centros por orde de preferencia e alegar os criterios de admisión que pretenda que se lle valoren.
- A solicitude se dirixe ao centro solicitado en primeiro lugar.
- Unha vez presentada, poderá renunciar a ela se o fai expresamente e indicando na nova solicitude que renuncia á anterior. A presentación dunha solicitude sen renunciar expresamente á anterior podería ser causa de perda de dereito a participar no procedemento.
- Esta solicitude ten carácter vinculante e a súa presentación implica que os datos indicados nela son certos.
- A admisión nun centro docente implicará respectar o proxecto educativo do mesmo que se pode consultar a través da páxina web <https://www.edu.xunta.gal/centros/crarainaaragonta/>
- No caso do alumnado que ten garantía de permanencia nun centro: Se presenta solicitude de admisión noutro centro distinto, deberá comunicalo tamén no centro de orixe.
- No caso de que a demanda de prazas supere a oferta de vacantes, será necesario entregar a documentación acreditativa para o baremo. O prazo de presentación, no caso de ser preciso, será: **do 21 ao 3 de abril.**
- Publicación das listaxes provisionais de persoas admitidas e non admitidas: **25 de Abril.**
- Publicación das listaxes definitivas de persoas admitidas e non admitidas: **15 de Maio.**
- Formalización da matrícula en educación infantil: **do 20 ao 30 de Xuño.**
- A aplicación "admisión alumnado" permite consultar: o cronograma coas datas da admisión e matrícula, a previsión de postos escolares dispoñibles, a relación do alumnado de cada curso co seu número da solicitude, o estado de tramitación da solicitude e as listaxes do alumnado (provisional, definitiva, etc.).



MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR

Artigo 12. Membros computables da unidade familiar

1. Para os efectos desta orde, terán a consideración de membros computables da unidade familiar:

a) As persoas proxenitoras non separadas legalmente nin divorciadas ou, de ser o caso, as titoras ou acolledoras do alumnado.

b) Os/as fillos/as menores de idade.

c) Os/as fillos/as maiores de idade con discapacidade que estean incapacitados/as xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

d) Os/as fillos/as solteiros menores de 25 anos se conviven no domicilio familiar.

e) A persoa que, por novo matrimonio, en situación de unión de feito ou análoga relación de afectividade ás anteriores con convivencia, resida no domicilio familiar coa persoa proxenitora do alumnado, agás nos casos de custodia compartida.

2. As persoas proxenitoras separadas legalmente ou divorciadas con custodia compartida forman unha unidade familiar cos fillos que teñen en común.

3. Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polas persoas proxenitoras e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do número 1.

4. Non terá a consideración de membro computable da unidade familiar:

a) A persoa proxenitora que non teña a custodia, nos casos de separación ou divorcio.

b) O agresor, nos casos de violencia de xénero.

5. En todo caso, terase en conta a situación persoal, a composición da unidade familiar e os criterios de admisión por referencia á data de inicio do prazo para presentar, solicitudes de admisión, agás os datos económicos (renda e IPREM), que serán do exercicio fiscal anterior en 2 anos ao ano natural da solicitude.



COMO CALCULAR A PUNTUACIÓN CORRESPONDENTE Á RENDA ANUAL PER CÁPITA DA UNIDADE FAMILIAR.

- Para a valoración da renda da unidade familiar, tomarase como referencia a renda correspondente ao exercicio fiscal anterior en dous anos ao ano natural no que se presenta a solicitude, é dicir, 2023. Para o seu cálculo terase en conta o seguinte:
- No caso de Declaración conxunta: sumar as casiñas: base imponible xeral e base imponible de aforro.
- No caso de Declaración Individual: sumar as casiñas de cada unha das rendas, e con ambas cifras faremos de novo a suma.
- **Renda perCápita**: é o resultado de dividir a Renda polo nº de membros da unidade familiar. Será o resultado deste apartado o que teremos que baremar tendo en conta o Indicador Público de renda de Efectos Múltiples (IPREM), sabendo que o **IPREM correspondente ao ano 2023 é**:
 - **IPREM mensual: 600€**
 - **IPREM anual en 12 pagas: 7.200€**
 - **IPREM anual en 14 pagas: 8.400€**